

ANEXO II

ACTA PROVISIONAL DE SELECCIÓN DE PERSOAL

REF: PROXECTOS ERASMUS+ PROPIOS DO CIFP AS MERCEDES

Reunida a comisión avaliadora do centro educativo CIFP As Mercedes, con código de centro 27006528

ACORDA

- 1.- Aplicar o baremos indicado no punto sétimo das *Bases da convocatoria para a selección de persoal para a súa participación nos proxectos ERASMUS+ propios do CIFP As Mercedes, no curso académico 2025/26*, para a selección das persoas participantes nas mobilidades que se realicen ao abeiro do proxecto arriba referido.
- 2.- Gardar as probas documentais sobre o proceso de selección seguido, que poderán ser solicitadas no caso de revisión documental ou auditoría solicitada polo SEPIE ou outro organismo competente.
- 3.- Que as persoas deste centro **seleccionadas** para participar nunha mobilidade Erasmus+ ao abeiro do proxecto arriba referido son:

Orde	Apelidos, nome	Puntuación
1	Montserrat Riopedre Díaz	6,25
2	Maite Costa Barbará	5
3	Nerea López Ares	4,25
4	María Vázquez Armesto	4
5	Carlos García Rodríguez	3,75
6	Mercedes Álvarez Uría	3,5
7	Raquel Pérez Verdes	2,25
8	Arturo José Corral Flores	1,25
9	Isabel Folgosa Rodríguez	1,25
10	José Iglesias Fernández	1
11	Ana Penado López	0

4.- Que non hai persoas **excluídas** para participar nunha mobilidade Erasmus+ ao abeiro do proxecto arriba referido son:

5.- Segundo o punto décimo *Tramitación do procedemento* das bases da convocatoria, ábrese un período de 3 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta acta na páxina web do centro, para que as persoas interesadas formulen as reclamacións que estimen oportunas ante a comisión avaliadora.

E para que así conste, asínase o presente documento en Lugo, a 5 de novembro de 2025


O presidente da comisión avaliadora



Joaquín Expósito López



O secretario da comisión avaliadora



José Félix Méndez Teijeiro

Criterios de selección.

A selección do persoal realizarase de acordo aos seguintes criterios:

1.- Antigüidade no centro educativo (máximo 4 puntos).

- Destino provisional: 1 punto.
- Menos de 2 anos con destino definitivo: 2 puntos.
- Entre 2 e 4 anos con destino definitivo: 3 puntos.
- Máis de 4 anos con destino definitivo: 4 puntos.

2.- Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos):

Este apartado acreditarase mediante certificados que acrediten a competencia lingüística nun idioma estranxeiro, segundo a clasificación do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER), da seguinte forma:

- Certificado de nivel B1: 1 punto.
- Certificado de nivel B2: 2 puntos.
- Certificado de nivel C1: 3 puntos.
- Certificado de nivel C2: 4 puntos.

Valoraranse aqueles certificados de coñecemento de idiomas estranxeiros admitidos por ACLES (Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior), conforme á táboa de certificados que estea vixente no momento de finalización do prazo de presentación de instancias.

No caso de que a lingua oficial do país de destino sexa o español, a puntuación neste apartado será de 0 puntos.

3.- Outros méritos, referidos aos últimos 5 anos (máximo 4 puntos):

- Participación en programas educativos organizados pola Dirección Xeral de Formación Profesional (máximo 2 puntos). 0,25 puntos por cada participación en: programas do Plan Eduemprende, programa InnovaTech FP, coordinación de premios a proxectos de innovación na FP, coordinación de aula de emprendemento, coordinación de aula de tecnoloxía aplicada, participación na zona expositiva de FP Innova, participación en competicións de *skills*, coordinación de programas de formación para profesorado de Formación Profesional, dinamización de relación con empresas, etc.
- Participación en grupos de traballo organizados pola Consellería (máximo 2 puntos): 0,25 puntos por cada grupo de traballo.
- Coordinacións e dinamizacións (máximo 2 puntos): 0,25 puntos por cada ano exercendo a coordinación de ciclo, coordinación do proxecto Abalar, asesoría Amtega, asesoría CIEDIX, asesoría CGIFP, coordinación de centro plurilingüe, coordinación de sección bilingüe, coordinación de auxiliares de conversa, responsable/coordinación do

equipo de actividades complementarias e extraescolares, responsable/coordinación da dinamización das TIC, responsable/coordinación de biblioteca, responsable/coordinación da convivencia escolar, responsable de dinamización da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, coordinación do equipo de dinamización da lingua galega, coordinación de formación en centros de traballo, coordinación do equipo de dinamización do Plan dixital de centro, coordinación de benestar e convivencia, coordinación de programas internacionais, coordinación de innovación e formación do profesorado, coordinación de biblioteca de centro integrado, coordinación de residencia, departamento ou división de centros públicos docentes, asesoría de formación permanente, asesoría Abalar, asesoría Siega, asesoría da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades, Formación Profesional ou director/a dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica.

- Por cada ano exercendo a dirección, a vicedirección, xefatura de estudos, secretaría e asimilados en centros públicos docentes (máximo 2 puntos): 0,5 puntos.

Para acreditar estes méritos presentarse documentación xustificativa oficial, do contrario, non se terá en conta.

4.- Pola **non participación en mobilidades** nos últimos 3 anos: 2 puntos.

5.- Criterios de desempate.

No caso de empate darase prioridade ás persoas solicitantes que non participaran en mobilidades durante os últimos 3 anos.

Se aínda así persiste o empate, farase a selección por sorteo.